

PREGÓN DA SEMANA SANTA LUCENSE, 2022

RAMÓN BASANTA PIÑEIRO

LUGO, 6 DE ABRIL DE 2022

Desexo que as miñas primeiras palabras sexan de emocionado recordo para o meu pai, confrade da Confraría do Desencravo, quen guiou os meus primeiros pasos, xunto á miña nai, na vida e no mundo das confrarías. Un especial recordo tamén para todos os confrades que, como él, xa non están entre nós, pero que foron os que nos transmitiron a chama viva do amor á Semana Santa e o orgullo do sentimento confrade.

As seguintes son de cariñoso agradecemento e profunda admiración para quen es son os responsables de que hoxe eu estea aquí, coa difícil encomenda de introducirles nestas Celebracións.

Hai dous anos cumpríronse 75 desde que as irmás Rosita e Ofelia Lourido desfilasen por primeira vez cun Neno Xesús, levado polos menos da catequese de San Froilán. Nese intre, a directiva da confraría da Entrada Triunfal de Xesús en Xerusalén pensou en mín para ser o pregoeiro da Semana Santa. Pero, como todos vostedes saben, tívose que suspender. Por respecto a eles, lerei o mesmo pregón que tiña xa preparado, sen variar absolutamente nada, aínda tendo en conta que é a miña confraría, a que este ano celebra o seu 75 aniversario.

Teño que confesarlles que, cando recibín a noticia de que me propuñan como pregoeiro da Semana Santa lucense, co único mérito de pertencer a esa confraría e formar parte das milicias romanas na miña infancia, tentei nos primeiros momentos atopar algunha desculpa que me puidese librar de semellante enredo. Pero a Pili, á miña querida Pili, non podo negarlle absolutamente nada.

Tamén quero agradecer á Xunta de Confrarías o seu asentimento: ós Irmáns Maiores, capeláns e directivos de cada confraría, pola súa comprensión comigo, o seu apoio e o seu gran traballo; e tamén aos meus compañeiros da Comisión Permanente: Isabel, Angel e Benigno, quenes loitan todo o ano en silencio, no anonimato, para que sexa posible o programa da nosa Semana Maior.

Entre todos conseguimos que a Semana Santa de Lugo fose declarada no ano 2019, FESTA DE INTERESE TURÍSTICO GALEGO, para ben de todos os lucenses, crentes e non crentes.

Este vai ser o meu pregón, o pregón da miña propia vida, o pregón co que sempre soñei e ante os que sempre quixen: a miña familia, os meus amigos, os meus irmáns confrades, a miña xente.

Prepárense, porque esta viaxe sobre as miñas vivencias, as miñas inquietudes e as miñas reflexións vai comezar, e convidolles a todos a que me acompañen.

Teño que dar grazas a Deus por nacer no seo dunha familia cristiá e confrade, que me inculcou o amor pola miña terra, as súas costumes e tradicións e, dentro destas, á Semana Santa. Son as nosas crenzas e tradicións a alma do noso pobo, e por iso debemos demostrar cómo vivimos e sentimos os lucenses a Paixón, Morte e Resurrección de Cristo. É nas rúas onde habita a memoria da nosa Semana Santa, porque alí vivírona os nosos maiores. Polos seus recunchos e beirarrúas aprendemos a ver confrarías, a sentilas como propias e a querelas a todas.

Nós estamos aquí hoxe porque antes eles legáronnos a súa fe, ensináronnos a rezar diante dun "paso" e a recoñecer a Cristo e a María nas súas imaxes.

Os meus primeiros recordos da Semana Santa son dun neno, de catro ou cinco anos, posiblemente no ano 1968. É Venres Santo e a miña nai está a pasar o ferro ós hábitos da familia. Ese cheiro que desprendía o liño aínda o gardo nítidamente. Ela discute lixeiramente co meu pai, xa que a tarde é fría e húmida e o meu pai pensa que é mellor que o meu irmán e eu quedemos na casa. A miña nai con todo, di que iremos ben abrigados e que ela vai estar pendente durante todo o percorrido por se nos ten que sacar. Véxome perfectamente desfilando polas rúas de Lugo e tapándome coa capa branca do meu hábito. Había xente do público que me facía acenos para que soltase a capa, pero eu estaba convencido de estar a facer o correcto.

Eran aqueles anos en que as imaxes das Igrexas se cubrían con teas moradas; non se podía cantar nin asubiar; non había música nos bares, unicamente a relixiosa das emisoras de radio; a televisión, un privilexio reservado a uns poucos, emitían os informativos, e programas e películas de contido relixioso. Era Semana Santa.

Era emocionante escoitar os tambores e trompetas, e ver desfilar aos soldados romanos o Domingo de Ramos. O meu irmán, como era maior que eu, ía na procesión vestido de hebreo. Eu protestei porque tamén eu quería ir. O meu pai aseguroume que o seguinte ano xa me tocaría a min tamén. E así foi. Da man de Rosita, compañeira do meu pai na Delegación de Facenda, comezaron os meus primeiros ensaios nos xardíns da Deputación Provincial, para marcar ben o paso, ó son dos tambores. E así varias semanas ata que por fin, chegou o día sinalado.

Esa noite non puiden pegar ollo. Moi cedo, os meus pais leváronme hata a Deputación Provincial. Alí esperábanos as irmás Lourido. Probáronme a coraza e as sandalias; puxéronme a capa e un casco, e déronme a miña lanza. Non había neno máis feliz no mundo nese intre, aínda a pesar de tódalas incomodidades: o casco apretaba e a coraza pesaba bastante, pero todo era insignificante se o comparaba coa ilusión de pertencer a tan honorable exército, que ía anunciar, por todo Lugo e con gran algarabía, que a Semana Santa acababa de comezar.

¡Cantos nenos e nenas pasaríamos durante estes 75 anos polas filas desta infantil confraría! ¡Cantos continuamos aínda noutras irmandades, e puidemos transmitir aos nosos fillos todo este gran legado de amor e fe! ¡Canto lle debemos os lucenses a esas irrepitibles Irmás Lourido!

Durante moitos anos desfilei como romano na nosa Semana Maior. Sentíame afortunado acompañando a ese fermoso Paso da Borriquiña, arroupado por multitude de palmas e ramas de loureiro e oliveira, que nenos e maiores abanean ao seu paso polas rúas lucenses.

Aínda así, non lle perdía a vista á miña “outra” confraría. Nas tardes dos Venres Santo, cando finalizaba a procesión do Santo Enterro na Praza da Soedade, buscaba cos meus ollos inquietos a confraría do meu pai, a do Desencravo, para admirala, e sobre todo para saber se ese ano sairían moitos ou poucos confrades.

É a historia daquel Lugo en branco e negro, sen baleirar de lucenses o seu centro histórico. Aquelas grises beirarrúas, enchidas de xente durante toda esa Semana. Sobrecollía o silencio, o respecto e a devoción cando unha imaxe de Cristo ou de María pasaban por diante. Moita xente se arrodillaba e se persignaban. Intuías rezos e oracións nos beizos, e, en moitos ollos, algúns xa resecos, bágoas ás veces de emoción, ás veces de dor.

E agora convíddolles a mirar uns anos máis adiante: a aquel adolescente que se ía afastando paulatinamente de Deus. Anos convulsos, onde a relixión deixaba de estar presente diariamente na vida de todos nós. Aqueles anos escuros e tristes para a nosa Semana Santa. As confrarías íanse apagando. O fin de todas elas parecía inminente. Algunha mesmo deixou de estar presente durante algúns anos na nosa cidade.

Unha tarde de marzo de 1986, estando xa moi próxima a Semana Santa, volví a casa antes do habitual, aínda que non lembro cal foi o motivo. O meu pai estaba a piques de saír, e preguntoume se quería acompañalo. Había unha reunión da confraría do Desencravo e prevíase moi importante.

Non sei aínda moi ben por qué, pero decidín ir con él. Sería a primeira vez que eu asistiría a unha reunión da nosa irmandade. Cando chegamos soamente estaban o noso Capelán, o Irmán Maior e un puñado de confrades. O noso Irmán Maior comunícanos que se ve na obriga de presentar a súa dimisión por razóns familiares. E despois dun pequeno debate, e vendo a actual situación desta e das outras Confrarías lucenses, a decisión que se avecinaba era a disolución da máis antiga das irmandades. Sego sen entender moi ben que foi o que me motivou -quizá a angustiada mirada do meu pai, ou quizá o recordo das súas verbas anos antes: “ti serás algún día o Irmán Maior”-, pero levantei a miña man, preguntei canto podería custar saír polo menos aquel ano, e, coa promesa de axuda duns e outros, aquel raparigo de fe un tanto durmida, converteuse no Irmán Maior da decana Confraría do Desencravo do Señor e das Maiores Dores de María Santísima. Non sabía moi ben o que acababa de aceptar. Non pasaran moitas horas cando me din perfectamente conta do que se me viña enriba.

Aquel ano logramos saír, coa axuda duns mozos amigos meus: Andrés Corral, Manuel Ignacio Castro-Gil, Miguel Anxo Alvelo, Juan Prósper...

e de Reme, a que poucos anos despois converteríase na miña muller e a quen lle debo tanto, xa que ven a sosportar gran parte do traballo que a min me correspondería facer. E, con moito esforzo, volvimos saír ó seguinte, e ó seguinte, e ó seguinte...

Hai un feito histórico aquel ano, do cal síntome profundamente orgulloso. Posiblemente pola miña idade, polos tempos de cambio que viviamos naquela marabillosa década dos oitenta. Coa colaboración de tres persoas en especial, demos un empuxón definitivo á nosa Semana Maior: por primeira vez unha muller sairía como confrade na Semana Santa de Lugo

A secuencia foi a seguinte:

Necesitaba tres cousas especialmente para iso. A primeira, que os Pais Franciscanos non mostrasen oposición algunha. A segunda, unha muller que quixese dar este paso. E a última, o suficiente apoio mediático para que quedase constancia de todo o que ía suceder.

O noso Capelán de entón, Frei Buján estaba do meu lado. Falei coa miña querida amiga María Jesús Manso, da que estaba seguro non rexeitaría esta idea. E, para a difusión desta efeméride, contei coa colaboración do inesquecible Francisco Rivera Manso, redactor do diario local “El Progreso”.

Aproveitamos o Acto do Desencravo, un acto que se desenvolve na tarde do Venres Santo, dentro da Igrexa dos Franciscanos, cos irmáns sen capuchón, coa cara descuberta.

Alí estaba Rivera Manso, cun fotógrafo, para dar fe do que estaba a acontecer nese momento. En canto María Jesús saíu pola porta da Sancristía, escoitouse un murmuro xeral, e algunhas persoas abandoaron a Igrexa.

Ó día seguinte o titular do Progreso era contundente “Unha muller confrade na Semana Santa de Lugo”.

Quizá hoxe esta noticia pareza trasnoitada, anacrónica, fóra de calquera explicación lóxica. Con todo naqueles momentos pódolles asegurar que trouxo moita polémica.

Terminada a Semana Santa, recibo unha nota do Bispado: “Reunión Extraordinaria da Xunta de Confrarías”. Teño que recoñecer que nun primeiro momento pedinlle ao meu pai que acudise él, con calquera desculpa, pero eran épocas en que os papás non permitían que os seus fillos non afrontasen os seus problemas. Polo tanto, non me quedou máis remedio que asistir á devandita reunión.

Alí estaban entre outros o noso Bispo de entón, Frei Xosé, D. José Ferro, D. José Molejón, D. Arcadio Casanova, o Señor Cedrón... e Rosita Lourido con esa mirada tenra dunha nai que me fixo entender os corazóns benevolentes de todos os que estaban alí. Teño que dicir que se naquel momento parecéronme todos moi distantes, neles atopei grandes mestres e, sobre todo, bos amigos.

Comeza a sesión e álzase a primeira voz: “Señor Bispo, unha confraría permitiu a saída dunha muller como confrade, contravenindo os estatutos”. Tamén escoitouse dicir “aquí non se pode facer o que a un lle veña en gana”. Cando eu pensei que o meu periplo como Irmán Maior estaba a piques de tocar fin, Frei Xosé tomou a palabra para dicir que xa que os estatutos non o permitían, quedaban todos en suspenso, a expensas de ver como resultaría esta experiencia nos vindieros anos. Non puido saír mellor, a recuperación de todas as confrarías foi unha realidade, e en gran parte pola incorporación de mulleres nas filas e nas directivas.

Son moitos xa os recordos, as anécdotas, as vivencias persoais... algunhas maravillosas, outras aínda me provocan desazón.

Todas elas están gardadas no baúl dos meus recordos desde aquel ano de 1986 en que fun nomeado Irmán Maior con apenas 23 anos. Necesitaría moito máis que un pregón para poderlles facer partícipe das máis interesantes, pero xa haberá outras ocasións para aqueles que as queiran ouvir.

Hai un momento especial para min que quero contarlles. Posiblemente sexa a primeira vez que o arrinque do máis profundo do meu corazón, pero algo sucedeu que me marcou para o resto da miña vida.

Como lles dicía hai uns momentos, eran anos nos que a miña fe se atopaba revolta. Unha fe fráxil e inquieta, que me facía cuestionar absolutamente todo. Pois ben, corría o ano 1987, un ano despois de ser nomeado Irmán Maior da miña confraría, e na noite do Xoves Santo, antes de volver á miña casa, pasei polo local onde tiñamos o suntuoso Paso do Desencravo preparado para a procesión do día seguinte. Como naqueles anos tiñamos pouco, e o pouco que tiñamos non estaba en boas condicións, pasabamos moitas horas disimulando os defectos para que saíse o máis digno posible.

Quixen pasar un pano ás imaxes, tentando eliminar a última mota de po. E ó arrimarme á cruz, a miña mirada deslizouse cara ao rostro de Xesús, ese rostro demacrado, contorsionado nun xesto de agonía, cos seus ollos en branco. A miña mente viuse invadida por unha serie de preguntas:

¿ Por qué terías que morrer así? ¿ Cal foi a necesidade de tanto sufrimento?

A partir dese momento, ese Rosto espertou en min unha inquietude que me marcará o resto da miña vida.

O home podía ser perfectamente redimido, canalizado, reorientado cara á súa plenitude sen a crucifixión. Entón, ¿ por qué a Cruz?

E pensei para min: ¿ e se non fose necesaria, aínda que sí inevitable? ¿ Cómo pode querer un Deus Pai unha morte en Cruz para o seu Fillo?

A Cruz non é invento de Deus, senón dos homes.

Xesús, aquel palestino, non fora prudente. Non pactou cos poderes establecidos. E foi tratado como proscrito, como un blasfemo. E se era home de verdade, por moi fillo de Deus que fóra, tiña que morrer da forma que morreu, así o establecían as leis dos homes. Como home someteuse ó seu tempo e espazo.

Cando Xesús séntese abandonado, está a ser vítima do enorme respecto de Deus Pai polas leis humanas, pola nosa liberdade, polo modo co que os homes levamos o mundo.

Pero é na súa aceptación, na súa obediencia, na súa forma de soportar a dor, e sobre todo, na súa ilimitada capacidade de perdoar, onde se mostra o amor infinito de Deus cara a todos nós.

Xesús foi elixido para ensinarnos a amar, a convivir, a descubrir a verdade, a desmontar a hipocrisía, a mirar a Deus, a mirar aos homes. Quixo axudarnos a superar a finitude, a soportar a angustia de ser criaturas imperfectas. Tróuxonos a palabra “pai”, a palabra “irmán”, a palabra “liberdade”. Rompeu as amarras dunha maneira de concebir a lei: aquela que a pon por riba das persoas. Non se someteu ós poderes do templo e políticos, senón ó amor do Pai.

A cruz era inevitable. A maldade humana fíxoa inevitable.

Desde aquela vivo profunda e apaixonadamente a Paixón de Cristo. As celebracións de Semana Santa convertéronse na forma de vivir a miña fe, de compartila cos meus irmáns, e de transmitila a todos aqueles ós que eu poida chegar.

Por iso, cada ano despois do Nadal, este confrade prepárase intensamente para todo o que está por chegar. Emocióname escoitar xa nesas datas, os sábados pola mañá e algún día tamén pola tarde, ao pasear pola muralla,

os tambores e as cornetas dos soldados romanos que o Domingo de Ramos percorreren as nosas rúas.

Emocióname observar como cada confraría empézase a preparar para o seu gran día. Os nervios afloran a medida que van pasando os días, parece que sempre falta algo, pero ao fin, cando chega a primeira lúa chea de primavera, ese esforzo de todo o ano tradúcese nunha brillante posta en escena de cada acto, de cada procesión.

Así, o Domingo de Ramos amence nunha fermosa mañá. Direilles que nunca chove... ou case nunca. Milleiros de persoas apíñanse con palmas ou con ramas de oliveira na Praza de Santa María, onde o Bispo procederá á bendición de todas elas. Durante a procesión as rúas énchense de xentes. A ilusión dos máis pequenos contaxia aos seus maiores. É o gran día das nenas e nenos desta cidade.

Posteriormente a Virxe das Dores, aos ombreiros dos seus confrades, interrompe o paseo dominical da tarde. Sempre se ve preciosa cun manto increíble. Aínda sendo unha das procesións máis recentes, en cada esquina, en cada recuncho, en cada anaco dese maravilloso Lugo peonil, o público achégase para ver o desfile. Ó remate, a Salve Raiña pon o broche de ouro, interpretada maxistralmente pola Banda de Música de Meira e o Orfeón Xan Montes, acompañados polos irmáns confrades.

O Luns Santo, a Virxe da Esperanza desfila posiblemente no día do ano que máis xente concítanse nesta localidade. Uns din que por devoción, outros que se a Armada Española que acompaña. Curiosos, crentes... eu creo que a todos se lles move algo no corazón, aínda que sempre se busque calquera outra desculpa. Ao finalizar, o canto da Salve Mariñeira enche de novo a praza e as rúas adxacentes onde se realiza este acto. O colofón a este día é o desfile dos Mariños no medio de aplausos do público.

O Martes Santo, o Bo Xesús e o Nazareno, acompañados polo exército de Terra, dan mostra dunha perfecta organización. De novo as rúas están intransitables, non entra un alfinete. O estremecemento é palpable, empezan os primeiros rostros de sufrimento nas súas imaxes.

Case terminando a procesión, un dos momentos máis emotivos da Semana Santa: o Encontro da Nai co seu Fillo camiño ao Calvario. En perfecta irmandade e colaboración entre confrarías, ao paso da comitiva por diante do convento Franciscano, ábrense as portas e a Virxe das Dores sae para atoparse co seu Fillo, que, soportando o peso da Cruz, quere ver de novo á súa Nai. O Exército de Terra entoa un emocionante cántico. Pouco máis tarde, xa no remate, escoitaráselles cantar a Saeta, acompañados polas voces dos confrades e do público.

O mércores Santo ten lugar un dos acontecementos máis peculiares da nosa Semana Santa: unha Vía Crucis na principal rúa da Cidade. Coa galanura e vistosidade da Garda Civil, custodiando ao Cristo do Perdón e a Virxe da Piedade. A xente acompaña o rezo e o lento andar da confraría, que non esquece as súas orixes e aproveita para saudar ás monxas Agostiñas Recoletas de Santo Domingo. E elas agradecen a visita cun canto que se escoita nun perfecto silencio.

O Xoves Santo, despois da Misa da Santa Cea, e antes da Cerimonia do Encerro, chega aquilo que nos distingue e fai únicas nosas celebracións. Por privilexio Papal, desde o ano 1963, e unido ao privilexio inmemorial da Exposición Permanente do Santísimo Sacramento na nosa Catedral, a Sagrada Forma, a presenza Real e verdadeira de Cristo, sae en procesión, recollida nun cáliz do ano 1461, polas rúas desta bimilenaria cidade. Ao finalizar, a xente aproveita o resto da tarde para a Visita ás Sete Igrexas, tradición moi arraigada na nosa urbe.

O Venres Santo é o día que celebramos a Paixón e Morte de Xesucristo. É o día que celebramos o amor extremo e incondicional de Deus. Comeza pola mañá co Sermón do Sete Palabras. Esas sete frases que Xesús aínda colgado na Cruz, aínda na súa agonía, aínda cando a dor consumíao, regalounos cheas de misericordia. É a proba definitiva da divindade de Cristo. Ninguén podería naqueles tempos, nin tan sequera imaxinar semellante vendaval de amor.

Pola tarde, despois da Celebración da Paixón do noso Señor na Catedral, ten lugar a cerimonia do Desencravo do Señor na Igrexa dos Pais Franciscanos. Énchese a Igrexa para presenciar este acto de misericordia e piedade de Nicodemo e Xosé de Arimatea co Corpo de Deus. Di Vicente Risco sobre este Acto: "...é o Desencravo dun dramatismo que fai romper en prantos e xemidos á maioría dos fieis que enchen o fermoso templo".

A partir das 8 da tarde, sae a procesión máis antiga das que se celebran na nosa cidade: o Santo Enterro.

Temos datos de que se organiza polo menos desde o século XIII cando chegou a Lugo a Venerable Orde Terceira (hoxe Franciscana Orde Seglar), acompañada polos gremios artesanáis. No ano 1942, un franciscano, consiliario da VOT, impulsa a primeira das irmandades: a do Santo Enterro, que posteriormente se convertería na Confraría do Desencravo. Non podería pronunciar este pregón sen lembrar ao Pai Miguel Quecedo, verdadeiro promotor da Semana Santa lucense tal e como a coñecemos agora.

Eses fermosos pasos da Virxe das Dores, do Desencravo do Señor, do Cristo Desencravado, acompañado pola Policía Autonómica de Galicia, da Virxe da Soidade e o Cristo Iacente, ambos ben escoltados por membros da Academia da Policía Nacional de Ávila, espertan no público asistente gran admiración e devoción.

A esta procesión, fóronse unindo todas as irmandades, a medida que foron creadas. Hoxe segue sendo unha das preferidas polos lucenses, pola súa relevancia, a súa antigüidade e súa vistosidade.

Xa pola noite, é a Virxe da Soidade a que será acollida por ese Lugo antigo, e en perfecto silencio, por numerosísimos lucenses que queren acompañala. Tamén é o día de María, é a celebración desa Nai que vive en primeira persoa a tortura do seu amado Fillo, e que chora aos pés da Cruz.

Agora toca acompañala triste e dolorida, pero nela non se observa ningún signo de desprezo, de vinganza nin de odio. Ela aprende do seu Fillo en canto á súa infinita obediencia e misericordia. ¡Canto temos nós que aprender de María!

Xa chegamos case ó final da Semana Santa. O Sábado Santo non é un día máis, é o día da Nai que, unida con toda a Igrexa, permanece xunto ao sepulcro do Señor. É día de silencio e de espera. Simbolizando esa espera na oración, a Virxe da Piedade sae dende moi cedo nunha pequena procesión. E con ela os fieis asistentes rezando un Vía Crucis.

A tarde transcorre tranquila: as portas das Igrexas están pechadas, pero dentro de cada unha hai actividade. Estase a preparar a gran festa cristiá do ano, prepárase a nai de todas as vixilias, a Vixilia Pascual. O lume e a auga son os elementos centrais desta liturxia, a máis importante de todas. Lume e auga son os dous elementos indispensables para a vida. Lembrar o noso bautismo é a clave para descubrir de qué Vida estamos a falar. Hoxe, lume e auga simbolizan a Xesús porque lle lembramos VIVO e comunicando Vida : “O que cre en min aínda que morrese vivirá; e todo o que vive e cre en min non morrerá para sempre”. Esta é a súa promesa, Este é o centro da experiencia pascual.

E por fin chega o Domingo de Resurrección. O gran día para o cristián. Celébrase a liberación, o triunfo sobre a morte. Nada na nosa fe tería sentido sen a Resurrección.

Desde o Concello, a imaxe da Virxe do Rosario, patroa especial de Lugo, vai ó encontro do seu Fillo resucitado. Esta curta e humilde procesión ten unha especial importancia e significación. A Nai, acompañada por todas as Confrarías e a Corporación, chega tapada cun velo de loito. Na porta principal da Catedral atópase co seu Fillo, coa súa presenza real na custodia sostida polas mans do noso Bispo. Entón, María quítase o velo e todos os presentes celebran este encontro cheo de ledicia da Nai co resucitado, xa victorioso, con aplausos e vítores. As campás da catedral replican anunciando o gran acontecemento. A comitiva entra na Catedral, onde ás 12 da mañá comezará a Eucaristía da Resurrección.

Nada máis terminar, para finalizar a Semana Santa é quenda de novo para a Confraría da Entrada Triunfal de Xesús en Xerusalén. É a procesión máis moderna de todas. Acompañarana membros de todas as confrarías, xa sen capirote, pois xa non é hora de penitencia. Simboliza o encontro de Cristo Resucitado co seu pobo amado e renovado. Os tambores e cornetas que anunciaban o principio da Semana Maior, anúnciannos agora que este tempo está finalizado. Todo terminou.

As Confrarías gardarán e custodiarán as súas imaxes, Pasos e hábitos hata o seguinte ano.

Deseguido, volta a empezar...

Grazas.

Ramón Basanta Piñeiro.

